



CONCRECIÓN ANUAL

PLAN DE TRABAJO DA COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

CURSO 2023-2024

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

MUROS

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia (PC) é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretenden implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

No curso 2008-2009, coas aportacións dos distintos sectores que forman a comunidade educativa do IES Fontexería, elaborouse o primeiro Plan de Convivencia do centro que se foi modificando en base ás diferentes normativas. A última actualización tivo lugar no presente curso ao engadirse no PC o Plan de Traballo da persoa coordinadora de Benestar e Convivencia segundo establece a Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

2. OBXECTIVOS, ACCIÓNS E INDICADORES. Curso 2023-2024

Para a concreción dos obxectivos, accións e indicadores partimos do *Plan de Traballo da persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia* e analizamos as necesidades que se detectan, principalmente, nos últimos cursos escollendo aquelas accións que, segundo as características do noso centro, se consideran como prioritarias. As seguintes táboas recollen esta información:

▪ **ÁMBITO DE DIFUSIÓN**

OBXECTIVO 1: Dar a coñecer á comunidade educativa a existencia e funcións da figura do coordinador/a de benestar e convivencia			
ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Presentación da coordinadora de benestar e convivencia nos diferentes grupos explicando as súas funcións	Coordinadora de benestar e convivencia	A totalidade do alumnado do centro coñece a existencia da nova figura e como mínimo o alumnado de ESO e FP Básica recibe a charla explicativa	1º e 2º trimestre
- Presentación nun claustro da coordinadora de benestar e convivencia e as súas funcións en coordinación con outros axentes educativos	Dirección	A totalidade do profesorado do centro coñeza a existencia da nova figura	1º trimestre
- Publicación do <i>Plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia</i> na web do IES para que estea dispoñible para toda a comunidade educativa. - Envío de nota informativa ás familias a través de Abalar.	Dirección	A totalidade das familias podan acceder a este documento	1º trimestre

OBXECTIVO 2: Informar sobre as NOFC e sobre os protocolos de actuación en caso de situacións de violencia no centro e na súa contorna			
ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Elaboración de material (infografía, guía, etc) para comunicar posibles situacións de violencia e o procedemento a seguir en cada caso. Publicación na web e na sala de profesorado para a súa consulta.	Coordinadora de benestar e convivencia	Elaboración de polo menos unha comunicación por curso	Todo o curso
- Sesións de titoría para informar das normas de convivencia do centro e traballar e establecer as normas da aula	Persoas titoras	Redución da porcentaxe de alumnado que incumpre as normas de aula en cada trimestre	Todo o curso, con especial incidencia no 1º trimestre
- Difusión de orientacións específicas sobre a protección de datos a través do correo electrónico corporativo do profesorado	Xefatura de estudos Coordinadora de benestar e convivencia	Elaboración e envío de unha comunicación por curso como mínimo	Todo o curso

OBXECTIVO 3: Propoñer accións á comunidade educativa para mellorar a formación con respecto á convivencia

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Participación en programas e proxectos convocados pola consellería para a mellora da convivencia	Dirección Vicedirección Coordinadora de benestar e convivencia	Aumento da participación nos programas ou proxectos convocados	Todo o curso
- Colaboración coa ANPA para a organización de actividades de formación relacionadas coa convivencia	Dirección Orientación Coordinadora de benestar e convivencia	Desenvolvemento dunha actividade por curso na que acuda o 20% das familias	Todo o curso

▪ **ÁMBITO DE COORDINACIÓN**

OBXECTIVO 1: Colaborar con diferentes axentes educativos para o deseño e implementación de accións que favorezan o benestar emocional e o clima de convivencia no centro

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Reunións de coordinación co centro adscrito para intercambio de información e adopción de medidas que beneficien as relacións interpersoais do alumnado	Xefaturas do D.O. de ambos centros	Mellora dos conflitos que se veñen apreciando nos últimos anos académicos en 1º ESO	Trimestralmente
- Reunións coas persoas titoras da ESO e FP Básica para facer o seguimento do clima de convivencia e cohesión grupal da aula	Persoas titoras Orientadora Coordinadora de benestar e convivencia	Realización dunha reunión mensual como mínimo	Todo o curso
- Traballo en colaboración con entidades externas: servizos sociais, CIM, PREM e espazo <i>A Maceta</i> para fomentar a integración do centro no concello e o coñecemento por parte do alumnado dos distintos servizos e recursos cos que poden contar	Orientadora Coordinadora de benestar e convivencia Vicedirección	Desenvolvemento de tres actuacións ou actividades por curso	Todo o curso

OBXECTIVO 2: Trasladar ao claustro información e seguimento sobre a xestión do benestar e convivencia recollendo propostas para a concreción de medidas

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Exposición dos conflitos e incidencias habituais nos grupos-clase e propostas de mellora da xestión da aula implicando a todo o equipo docente	Orientadora Coordinadora de benestar e convivencia	Redución dos conflitos nas aulas	En cada sesión de avaliación

OBXECTIVO 3: Mellorar a formación do profesorado con respecto á convivencia e benestar persoal

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Información ao claustro sobre os cursos e formacións ofertadas relacionadas co a convivencia escolar e o benestar emocional e persoal	Coordinadora de benestar e convivencia	Dous profesores/as participante por curso	Todo o curso, especialmente a comezos do 1º e 2º trimestre

▪ **ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN**

OBXECTIVO 1: Contribuír ao deseño e á actualización do Plan de Convivencia

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Revisión e actualización do plan de convivencia adecuándoo as necesidades presentes	Comisión de convivencia coordinadora de benestar e convivencia	- Consolidación da comisión de convivencia. - Aumento do número de conflitos entre iguais resoltos satisfactoriamente mediante protocolos de actuación.	Todo o curso

OBXECTIVO 2: Impulsar medidas para mellorar o clima e a convivencia escolar

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Establecemento de criterios comúns para os partes de incidencia e as medidas correctoras	Xefatura de estudos Profesorado	Diminución do número de partes de incidencia anualmente (evolución positiva de cada grupo trimestre a trimestre)	Setembro de cada curso
- Programación de actividades complementarias e extraescolares que fomenten a convivencia	Vicedirección Departamentos Orientadora	Distribución equilibrada das actividades por cursos. Oferta de dúas actividades mínimo para cada nivel ao longo do curso.	Outubro de cada curso
-Seguimento da aula de convivencia	Xefatura de estudos Coordinadora de benestar e convivencia	Diminución da porcentaxe de alumnos/as enviados a aula de convivencia	Todo o curso
- Creación dun espazo no centro onde publicar información relativa á convivencia e benestar persoal	Coordinadora de benestar e convivencia	Establecemento do espazo e posta en funcionamento	Todo o curso

Realización de actividades en datas sinaladas para fomentar a boa convivencia no centro: - Magosto - Nadal - Entroido - Semana cultural - Letras galegas	Vicedirección Profesorado	Aumento das interaccións positivas entre a comunidade educativa e do sentimento de pertenza a un grupo	Data sinaladas
-Desenvolvemento de Plans Proxecta: Consumópolis, Quérote +, Proxecto Deportivo de Centro, 365 días de igualdade, e proxecto Ríos, Aprendo programando e Parlamento Xove	Profesorado participante Vicedirección	Desenvolvemento das actividades dos plans solicitados	Curso escolar

OBXECTIVO 3: Previr situacións de conflitividade e discriminación no centro e nas aulas.			
ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORIZACIÓN
- Xornada de acollida para o alumnado de 6º de primaria	Equipo directivo Orientación Coordinadora de benestar e convivencia	- Entrega dunha guía de transición á nova etapa educativa. - Celebración das xornadas de acollida.	Maio e xuño
-Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na mellora da convivencia, non discriminación e na igualdade entre homes e mulleres: día mundial de concienciación do TEA, día contra a violencia de xénero, día internacional da muller, etc.	Coordinadora de benestar e convivencia Vicedirección Profesorado	- Aumento dos axentes implicados e nivel de participación. - Valoración positiva dos mesmos polos participantes.	Ao longo de todo o curso, e en datas sinaladas (efemérides, semana cultural)
- Desenvolvemento dun programa para a adquisición de habilidades sociais básicas en 1º ESO e FP Básica	Orientadora	Mellora nas relacións interpersoais do alumnado destes grupos	1º e 2º trimestre

<p>- Inclusión no PAT de actividades relacionadas coa resolución pacífica de conflitos, prácticas restaurativas e adquisición de competencias emocionais (aspectos relacionados co autoconcepto, autoestima e dinámica de grupos)</p>	<p>Persoas titoras Orientadora Axentes externos ao centro</p>	<p>- Mellora do benestar do alumnado e do clima da aula. - Grao de satisfacción dos participantes coas actividades</p>	<p>Sesións de titoría ao longo do curso</p>
---	---	--	---

3. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE TRABAJO

Esta concreción será revisada e actualizada ao longo de todo o curso co fin de mellorar e adecuar a mesma á realidade do centro e do curso escolar. Ao final de cada trimestre valoraranse as accións de cada ámbito cunha escala na que se indique se as accións están:

- a) Sen traballar.
- b) Empezadas e en proceso.
- c) Completadas pero precísase retomalas.
- d) Completadas.

Así mesmo, ao final de cada curso, levarase a cabo unha avaliación final na que se revisará a consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora de cara a vindeiros anos académicos.